

Código



Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

número 11 • maio/xuño 2003

E-GALLAECIA

POLA PORTA GRANDE DOS EVENTOS TECNOLÓXICOS

10 ANOS DE MOSAIC
O MUNDO NON FOI IGUAL

FEITO EN GALICIA
FISTERRA, SOLUCIÓNS DE CÓDIGO ABERTO


LAST FRIDAY
COMERCIO ELECTRÓNICO GALEGO A DEBATE

Nova Economía
O NEGOCIO DO SOFTWARE LIBRE



SOFTGAL

consultoría
integración de sistemas
software factory
infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa

STAFF

Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactor-Xefe

Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción

Xabier Alcalá (Telecomunicacións)
Antonio Fernández (Linux)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
Mariano Grueiro (Mac)
David Lombardía (Nova Economía)
Sevi Martínez (Xogos)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Ramón Puente (Opinión)
Víctor Salgado (Dereito)
Fernando Sarasqueta (Reportaxes)

Colaboraron neste número:

Marcelo Castelo, José Carlos Pérez, Antonio Mosquera, Gustavo Marcos, Ramón Puente, Enrique Hortas, David Lombardía, Manuel Gago, Sergio Pazos, Fernando Bouzas, Antonio Fernández, Xavier García, Mariano Grueiro, Emiliano Gómez e Carlos Lozano.

Supervisión lingüística:

Paulino Novo e María Xesús Vázquez.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Fotolab Xoma-Riveira, Joferpa.

Edita: Grupo Código Cero

Comunicación

UNINOVA. Polig. Ind. do Tambre
Vía La Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 00
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos

Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.

Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Distribución:

Sinsello

Rúa Aragón, 26 - VIGO
Teléfono: 986 26 26 99

Número 11 (PREZO: 1€)

Maio - Xuño 2003

Publicación periódica

Tirada: 12.000 exemplares

Depósito Legal: C-2301/01

I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546

I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

NESTE NÚMERO...

Días atrás celebramos os dez primeiros anos de vida do popular navegador Mosaic, predecesor de Netscape, Opera e de Internet Explorer entre outros. Dez anos non son nada, pero quen diría que aí escasamente 3.650 días, nacía aquela versión que sería o primeiro navegador popular que lanzaría á rede a nivel de usuario de a pe.

Neste número de Código Cero lembramos aquel proxecto que permitía acceder naquel entón a "130 sitios" e que tanto cambiou as nosas vidas.

A nosa publicación inclúe nesta ocasión, entre outros temas, un especial dedicado a "e-gallaecia. III Semana das Tecnoloxías da Información e a Comunicación" que se celebra en Santiago entre os días 2 ó 6 de xuño. Entre outros participará nas xornadas o lendario Kevin Mitnick, quen falará sobre consellos de seguridade informática e enxeñería social. Pero non será este hacker a única figura dun encontro que atrae as miradas do mundo tecnolóxico de España e Europa. Por uns días Galicia centrará a atención de medio planeta e non dubidamos que o resultado desta

semana estará de acordo co interese levantado.

O número anterior de Código Cero tivo unha magnífica acollida. Queremos desde aquí agradecer a todo- los nosos patrocinadores o seu esforzo e apoio, que permitiu que a publicación tivera unha difusión masiva en todo o país, cunha tirada de 50.000 exemplares. O noso agradecemento os centos de amigos que mediante cartas, correos electrónicos ou chamadas telefónicas, nos felicitaron pola edición e por facer chegar a toda Galicia unha revista destas características. A moitos deles dicirlles que estamos estudando as súas propostas, suxestións e melloras, e que nos próximos números iremos reflectindo as mesmas.

E por certo a lista dos sitios galegos máis visitados que tanta espectacularidade levantaron, esta xa dispoñible no diario dixital. Agora serán 100 e actualizarémola mensualmente. Seguro que se nos escapa algún pero si coñeces sitios que non aparecen por favor escribiremos a redaccion@codigocero.com. Deica o próximo número vos esperamos a diario en <http://www.codigocero.com>.

humor por K.Bentloch e S.Covelo



- ¿Vistes este último Eurovisión? Unha rapaza filla de emigrantes galegos cantou representando a Bélxica.



- A letra era nun idioma inventado e fin en Internet que foi a primeira vez que a gaita galega cooi no Festival.



- Faiche cuestionarte certas cousas, ¿non si? - Abófe.

FIRMA INVITADA

Se buscan espíritus innovadores para cambiar el mundo

Marcelo Castelo, director foro e-Gallaecia

4

NOVAS

Resumo da actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías

5

REPORTAXES

O 10 aniversario de Mosaic. O mundo non foi igual

9

e-comercio. As empresas galegas demandan un centro público de apoio para as TICs

11

Last Friday: O comercio electrónico galego a debate

28

UNIVERSIDADE

USC: Rede de Aulas de Informática, os seus servicios

12

ESPECIAL "e-GALLAECIA"

Pola porta grande dos eventos tecnolóxicos

13

NOVA ECONOMIA

El negocio del software libre

21

¿Galicia canibal?

22

Nueva web de empresas de Caixa Galicia

23

FEITO EN GALICIA

Fisterra: unha solución galega ERP de código aberto

24

A OUTRA BEIRA DA MAZÁ

Instalación do FINK e do X11 no MacOSX (1ª parte)

25

LINUX

GNU/Linux en Galicia: el último año

26

OPINIÓN

Emprendedores: a opción valente

26

A fractura dixital

27

Teletraballo

27

BARLOVENTO

Buscadores, os números 1 da rede

29

PC PRÁCTICO

Instalando Windows98 e XP no mesmo ordenador

30



“NECESITAMOS LÍDERES QUE NOS HAGAN CREER QUE SI ALGUIEN HA SIDO CAPAZ DE HACER DE ARTEIXO UN EMPORIO MUNDIAL DEL TEXTIL O QUE UNA EMPRESA DE A CORUÑA HA SIDO CAPAZ DE HACER LA PRIMERA PELÍCULA DE ANIMACIÓN EUROPEA NOS HAGA SOÑAR CON QUE GALICIA PUEDA ASCENDER PUESTOS EN EL ESTADO MUNDIAL DE LA SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN”

Se buscan espíritus innovadores para cambiar el mundo

Marcelo Castelo Rivas
Director de e-Gallaecia

Aunque parezca una obviedad afirmar que cada profesional de informática representa la avanzadilla de la Sociedad de la Información y del Conocimiento en su propia organización, justo por obvio será frecuente que muchos de los implicados no se hayan detenido a reflexionar sobre el asunto en cuestión. Estoy seguro que muchos de mis amigos de profesión me “felicitarán efusivamente” por añadir una nueva responsabilidad a “su ya habitualmente relajada actividad cotidiana”, pero intentaré a través de este artículo de opinión compartir con ustedes una visión personal sobre la magnitud del papel que tenemos en el desarrollo y avance de la Sociedad de la Información y del Conocimiento todos aquellos que de una forma u otra desarrollamos nuestra actividad profesional alrededor de la informática y las comunicaciones.

Por norma general, gran parte de nuestros empresarios y directivos están

bastante alejados de las tecnologías más allá de su ordenador portátil, si bien en las más de las ocasiones suplen ese desconocimiento con los siempre apreciados consejos tecnológicos del experto hijo adolescente de algún directivo que, por algún extraño motivo, todo buen comité de dirección posee. Bromas aparte, es evidente que la labor de liderazgo tecnológico que todo informático ejerce es algo que entiendo tiene una importancia capital ya que son quienes en gran parte están formando opinión tanto en su propio entorno profesional como en el personal. Para ilustrar este hecho no tenemos más que recordar las llamadas de compañeros, parientes y amigos que ha recibido en las pasadas fiestas navideñas el informático de la empresa pidiéndole consejo sobre qué ordenador le deberían comprar al niño (futuro adolescente experto en tecnología).

A mi juicio la responsabilidad que tenemos los actores de este hipersector como motor de la Sociedad de la Información para llegar a la del Conocimiento

es mucho más relevante que lo que solemos pensar en el día a día y como decía Ben Parker “todo gran poder implica una gran responsabilidad”. Nuestra responsabilidad reside en que está en nuestras manos el que Galicia se suba y se mantenga en la avanzadilla y el liderazgo de esta revolución o que tengamos que conformarnos con ser comparsas de la misma.

Continuando con esta línea argumental permítanme que realice una enumeración de lo que, a mi juicio, no podemos permitir que suceda. El asunto en el fondo es muy sencillo, no deberíamos permitir que Galicia se quedase fuera de esta revolución. No debemos permitirnos pensar que esto no es una responsabilidad compartida, que pueda quedar sólo en manos de políticos, universidades e instituciones. No debemos permitirnos que las personas de valía que tenemos en Galicia continúen en su aislamiento secular y, por lo tanto, no podemos permitir que alguien como usted, como tú, piense que él no puede hacer nada para cambiar nuestra realidad actual.

Y como este es un artículo de opinión, cuya única pretensión es cambiar el mundo, me permito la osadía de expresar cuál pienso es el camino a explorar. Necesitamos apoyar y mimar a los empresarios visionarios e imaginativos que estén dispuestos a asumir riesgos. Necesitamos líderes que nos hagan creer que si alguien ha sido capaz de hacer de Arteixo un emporio mundial del textil o que una empresa de A Coruña ha sido capaz de hacer la primera película de animación europea nos haga soñar con que Galicia pueda no conformarse con su posición actual en la Sociedad de la Información y del Conocimiento.

Necesitamos que nuestros directores de informática y sus equipos técnicos arriesguen, apuesten y estén dispuestos a trabajar apasionadamente en proyectos que aporten valor para sus organizaciones y por lo tanto para su sociedad. Necesitamos personas dispuestas a soñar, a implicarse y a evangelizar. A dar la cara por una utopía y a no conformarse con una situación que nos ha tocado vivir. Personas dispuestas a exigirles a nuestros políticos, a criticarles, pero también a animarles, a guiarles y a trabajar codo con codo y honestamente con ellos, a comunicar, a asistir, a tener presencia, a superar sus miedos. Necesitamos, en fin, que todos aquellos que tenemos alguna responsabilidad en el sector tecnológico nos impliquemos en un círculo virtuoso rompiendo con el temor a compartir y discutir nuestros planes e ideas con el resto de personas libres que estamos formando parte de esta revolución.

Este artículo no pretende acercarnos a las funciones de los informáticos sino a las Responsabilidades con mayúsculas de los que estamos llamados a ser el motor de la Sociedad de la Información y del Conocimiento.

Tenemos una oportunidad única en la Historia de cambiar nuestra realidad, de hacer muchísimo por la sociedad que nos vio nacer, y esto lo podemos hacer personas como tú y como yo.



Imaxín desenvolve o corrector ortográfico de galego do vindeiro Office

Gracias a un convenio bilateral entre Microsoft e Imaxín Software, a nova versión de Office que ultima a multinacional norteamericana conservará o corrector 2.mil que hai dous anos se incorporou ó sistema actual XP. O sistema, elaborado a partir dunha base léxica achegada polo lingüista e académico Antón Santamarina abriu a posibilidade de detectar máis de 21 millóns de formas válidas, revisar o galego de follas de cálculo e bases de datos, así como verificar documentos ó tempo que se escriben.

Esta aposta de Imaxín no responde a unha rendibilidade económica, senón a un compromiso da empresa con Galicia e a nosa lingua. A nova edición do procesador de textos Word XP, de Microsoft, manterá o corrector para o galego gracias ao convenio asinado entre a empresa galega Imaxín Software e o xigante americano da informática.

O 2mil, nome do corrector, fora desenvolvido hai dous anos co apoio da Xunta; nembargantes, o goberno galego non apoiou a actualización desta ferramenta para novas versións do Word, e tivo que ser Imaxín quen se encargou pola súa conta de facer este traballo.



O SOPORTAL DA BANDA DESEÑADA DE CULTURAGALEGA.ORG

presentou unha serie de fondos de escritorio na súa sección de descargas. O obxectivo é poder personaliza-la pantalla do noso Windows con imaxes realizadas por múltiples debuxantes galegos, entre os que resaltan Miguelanxo Prado, Fran Jaraba, Kiko da Silva ou David Rubín. Para conseguilos podeades visitalo sitio <http://www.culturagalega.org/especiais/banda/index.php> e baixar as imaxes que vos gusten. Os fondos de escritorio están a resolucións de 640x480, 800x600 e 1024x768.

1.200.000 LIÑAS DE ADSL

Un total de 1.200.000 liñas de ADSL funcionan hoxe en España, segundo os últimos datos de Telefónica, 250.000, máis que a finais do 2002. Un 54 % destes accesos corresponden a fogares. O prezo medio deste servizo de navegación de alta velocidade a 256 Kbps/24 horas é de 44,13 euros. Sen embargo a pesar desta suba no número de usuarios, cinco millóns de españois non poden polo de agora acceder a esta tecnoloxía.

Unha das cuestións que máis chama atención é o caro que resulta o servizo con respecto a outros países. Mentres que aquí os prezos están supeditados ó que marca o goberno, as mesmas compañías que aquí vende a conexión a 39 euros o mes fano a 27 euros no Reino Unido e co dobre de velocidade, caso de Wanadoo.

SERVICIO DE GOOGLE NEWS EN ESPAÑOL

Os usuarios de Google estamos de parabéns, pois dende onte o sistema de novas do buscador está comezando a cargarse coas novas dos medios de comunicación máis populares de España, polo que, cando facemos catas xenéricas aparécennos certos resultados relativos ás novas da prensa diaria, polo que é de agardar que en breve teñamos dispoñible o servizo de Google News en español. Algúns exemplos de catas poderían ser aznar ou zapatero, subministrándonos o buscador 2 ou 3 ligazóns a medios como Antena 3, Diario Sur ou El Periódico, polo que poderíamos consultar novas de actualidade dun novo xeito, doado e atractivo para os internautas.

Cidades Dixitais chega a Vilalba e As Pontes

No número anterior de Código Cero publicamos unha extensa reportaxe sobre a cidade

dixital da Estrada. Tócalle agora o terno dentro do programa a outros dous concellos galegos escollidos para a súa participación conxunta nesta iniciativa: Vilalba e As Pontes. O proxecto dotará ás vilas de puntos de acceso á Internet de alta velocidade gratuitos, formación cidadá en novas tecnoloxías mediante ambiciosos proxectos de participación e alfabetización dixital, promoción da administración electrónica, dixitalización dos medios de comunicación municipais...etc. Será un investimento de máis de 900.000 euros nos próximos tres anos para sentar as bases do desenvolvemento da Sociedade da Información nestes dous concellos. A presentación oficial do programa fíxose na Casa da Cultura de Vilalba e nela estiveron presentes os alcaldes de ámbalas vilas, Víctor Guerreiro e Agustín Baamonde. O acto estivo presidido polo Director Xeral de Comunicación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Ignacio Otero.

O programa Cidades Dixitais está financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a Xunta, os Concellos e a iniciativa privada. As Pontes xestionará nos próximos tres anos 482.000 euros. Deles, 132.000 destinaranse á dixitalización e integración dos medios de comunicación locais, mentres que os outros 350.000 euros irán á creación da rede cidadá e de tódolos apartados referidos a infraestruturas, formación e accións de sensibilización.

O cableador galego acada beneficios operativos

A compañía galega do cable, R, presentou da man do seu director xeral, Arturo Dopico, os seus resultados da actividade durante o primeiro trimestre de 2003, acadando por primeira vez dende o inicio da súa actividade o beneficio operativo (ebitda positivo). Deste xeito, R adiantase en 7 meses ó seu plan de negocio cun ebitda de 2,54 millóns de euros, multiplicando por 3 o resultado operativo previsto.

O forte ritmo de incorporación de novos clientes contribuíu decisivamente a tal fin, o que fixo que posible un incremento de ingresos significativo pasando de 6,12 millóns no primeiro trimestre de 2002 a 14,89 millóns de euros en 2003.

Dopico subliñou que unha das fontes do éxito de R era que o 40% dos ingresos da compañía proceden da prestación de servizos a empresas e profesionais, unha proporción moi elevada se a contrastamos co 6% de Ono ou o 19,7% da británica Telewest.

Ademais, o acceso de alta velocidade á Internet tamén parece ser un atractivo para os clientes, dado que o contratan nun 22,8% dos casos, cifra que choca frontalmente co 2,3% de penetración da banda ancha en Galicia, é que deixa constancia de que R ten un potencial dinamizador onde está presente.

Finalmente comentar que R pretende concluír o ano con 130.840 clientes e un beneficio operativo de 6,26 millóns de euros.



Éxito do número especial de Código Cero

O número 10 da nosa revista en papel acadou no número anterior un éxito de repercusión e difusión. Cunha tirada de 50.000 exemplares e 48 páxinas, foi distribuído nas sete capitais galegas ademais

das principais localidades do país. A acollida deste especial que analizou a situación da Investigación e Desenvolvemento en Galicia, indícanos que Código Cero é xa hoxe un proxecto afianzado que conta co entusiasmo dos lectores e das empresas do sector. Un proxecto que non sería posible sen a colaboración desinteresada de medio cento de amigos que desde o primeiro día apoiaron a iniciativa, e que pouco a pouco conta con máis seguidores e con novas incorporacións.

Ante a necesidade de compartir opinións e comentarios cos nosos lectores, e para poder publicar información que non teñen un lugar axeitado na nosa publicación debido á falta de espazo, inauguramos Os Foros de Código Cero. Nos foros pódense ler novas sobre distintos ámbitos. O primeiro deles recupera unha sección da nosa edición en papel: O Rincón do Hacker, pero tamén crea novos canles que abranguen desde o mundo mac, linux, telefonía, cable, adsl, nova economía, wireless, p2p, lecer, etc.. Non serán os únicos, procuraremos estrear novos foros segundo o éxito que acaden os actuais e as propostas dos nosos lectores e visitantes que cada día son máis. O portal conta actualmente con preto de 700 subscritores gratuitos que reciben cada día as noticias no seu correo electrónico. Si estades interesados en subscribirte basta con visitar www.codigocero.com, introducir o voso enderezo electrónico e a partir de aí chegaranvos as novas diarias sobre I+D, novas tecnoloxías e Internet.

Amais o portal recibe cada día preto de mil visitas nun crecemento progresivo que se disparou nos dous últimos meses. Agardamos os vosos comentarios e suxestións. Se queredes propor algún foro (ou incluso moderalo) podeades poñervos en contacto co noso webmaster @codigocero.com.

OS FOROS DE
Código
Cero



A CORUÑA ACOLLERÁ A NOVENA EDICIÓN DOS EC-GI & GIS WORKSHOPS

EC-GI & GIS Workshops (Talleres sobre Información Xeográfica e Sistemas de IG da Comisión Europea). Será durante os días 25 a 27 de xuño.

O lema central desta edición dos obradoiros é “ESDI: Serving the user” (Infraestructura Europea de Datos Espaciais: Servindo o Usuario). Os interesados poden ter información detallada acerca dos seus contidos e datos organizativos no seguinte sitio da rede: <http://www.ec-gis.org/Workshops/9ec-gis/>

ASIGNADOS NOVOS PREFIXO EN GALICIA

O operador galego de comunicacións por fibra óptica, R, comezou a asignar os novos prefixos 881 e 886 a aqueles clientes que prefiren estrear número de teléfono en lugar de conservalo vello nas provincias de A Coruña e Pontevedra. O rápido crecemento de telefonía en fogares e empresas fai que a vella numeración estea esgotada.



Red.es pon en marcha un novo sistema para “enRedar” o rural

Nestes últimos tempos en que proliferan solucións de toda índole para que os servizos da Sociedade da Información non sexan propiedade exclusiva dos “urbanitas”, o Ministerio de Ciencia y Tecnoloxía, a través de Red.es, ultimou un novo sistema de conexión de alta velocidade a través de tecnoloxía satelital bidireccional. Esta ferramenta, que podería dar servizo a 4.000 enclaves dispersos do territorio nacional, xa chegou con paso firme á súa fase de adjudicación. Nun principio, e se non se demostra o contrario cando se leve a práctica, as vantaxes son grandes: tódalas escolas, bibliotecas e telecentros de España (e Galicia podería ser unha Comunidade moi beneficiada, precisamente polo carácter disperso da súa poboación), estean ou non afastadas de calquera punto coñecido, poderán aproveitarse dun servizo de conexión IP de banda ancha para acceder a Internet. Estas aplicacións tamén facilitarán “a distribución masiva de contidos de carácter cultural, televisión educativa, servizos de e-learning, clases a distancia en tempo real, etcétera”. Para ir sacándolle cumprido rendemento a estes sistemas, procederase en breve a realizar unha proba piloto en 25 núcleos de poboación de pequeno tamaño, a través da firma Telefónica-Hispasat.

Chaval.es: dous millóns de visitas

De Red.es tamén parte a iniciativa denominada Chaval.es, un portal con contidos infantís que está de parabén: xa conseguiu supera-los dous millóns de visitas dende a súa posta en marcha a finais de 2002. Esta web, que naceu coa sa e loable vontade de protexer ós rapaces/as de informacións non aconsellables para eles, foi deseñada no seu día para ser utilizada como páxina de inicio, permitíndolles acceder a Educalia (edición de contos na Rede), Educared (escola de xadrez) ou ós numerosos contidos postos a disposición pola casa Disney. Dicar, a maiores (para todos aqueles lectores/pais/nais interesados na saúde “informática” dos seus fillos) que esta iniciativa está apoiada por Unicef, Save the Children e numerosas empresas e organismos públicos de todo o país.



Porlier, 20 anos velando polo dereito a unha información veraz

Á Fundación Porlier tócalle estes días facer balance de todo o conseguido ata o momento, agora que cumpre 20 anos traballando pola protección e o fomento da liberdade, da tolerancia, os dereitos humanos e (e isto toca de cheo a unha revista sobre novas tecnoloxías como a nosa) a información veraz en calquera medio de comunicación e máis o afianzamento das novas tecnoloxías e as súas repercusións. A entidade foi creada en 1983, chamada naqueles tempos Club Porlier, adoptando en 1987 a forma legal que agora se coñece. A Xunta declarou esta fundación de Interese Galego en 1988. O seu presidente é Ricardo García Míguez. Algúns dos lectores quizais lembren as súa proposta de uso escrito en España de palabras vencellas ás novas tecnoloxías como “imeil”. A entidade carece de finalidades lucrativas e non recibe subvencións públicas. Agora, unha vez pasada a tempada de verán, levarase a cabo un acto que conmemore estes 20 anos de “vida”. Estaremos ó tanto do que aconteza.

Del 26 al 28 de Septiembre 2003

SALON ATLANTICO NUEVAS TECNOLOGIAS DE LA TELECOMUNICACION

El escaparate tecnológico del Noroeste Peninsular

Hardware, Software, Redes, Sistemas de Transmisión, Electrónica, Componentes, Imagen Digital, Domótica, Programación, Internet, Comercio Electrónico, Multimedia, E-Learning, Hosting, Gestión de Contenidos, Linux, Banda Ancha, Portales, Consultoría, Wi-Fi, Voz sobre IP...

www.salonsatt.com

ORGANIZA **GALATA**

Misericordia, 1 Oficinas - 36202 VIGO - España - E-mail: salonsatt@salonsatt.com
Tel.: + 34 986 223 308 - Fax: + 34 986 221 408

proxectos



con

solucións



xente

con

iniciativa



concellos

con

recursos



tradicións

con

futuro

A Coruña,

unha

provincia

sen

límites

INTERNET ACAPAROU O 1.3% DA PUBLICIDADE

Internet acaprou 1,3 euros de cada cen que se investiron en publicidade durante o ano pasado en España, segundo un estudio elaborado pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións e a Asociación Española de Anunciantes, entre outros organismos.

Este estudio revela que durante o ano pasado invistíronse 71,8 millóns de euros en publicidade a través de Internet, o que reflicte unha lixeira recuperación (o 1,1 por cento máis) respecto o ano anterior, cando caeu o 3,3 por cento debido o estoupido da burbulla tecnolóxica.

Os anunciantes en Internet apostan maioritariamente por publicitarse a través dunha páxina web propia (o 78,8 por cento) ou facelo por medio do envío de correos electrónicos (o 63,6 por cento).

EXPOINTERNET 2003

Administración local, Certificados Digitales, Derechos de Autor, Gestión, Banda Banca y Redes sin hilos protagonizarán la VII edición de Expointernet2003. Del 1 al 4 de Octubre el Palau San Jordi de Barcelona acogerá la VII edición del evento de referencia en Nuevas Tecnologías en Cataluña. La Asociación de Usuarios de Internet espera superar los 25.000 visitantes de la edición anterior.

Con el acento en los aspectos prácticos de Internet, el programa de esta edición incluye cursos y actividades cuyo objetivo es enseñar los servicios, aplicaciones y tecnologías que permiten a los Ayuntamientos, PYMES y Usuarios gestionar mejor los servicios, sus negocios y, en definitiva, su tiempo.



RED.ES

La Entidad Pública Empresarial Red.es, dependiente del Ministerio de Ciencia y Tecnología, ha concluido la fase de definición y adjudicación del despliegue de una red de conexión de alta velocidad a internet a través de tecnología satelital bidireccional con capacidad para dar servicio a 4.000 puntos dispersos por toda la geografía Española.

Con este sistema todas las escuelas, bibliotecas y telecentros del territorio Español independientemente de su ubicación y de la disponibilidad de infraestructura previa, podrán disponer de un servicio de conexión IP de banda ancha para acceder a Internet o para constituir redes privadas.

PROGRAMA ESPACIAL GALILEO

Los gobiernos europeos acordaron lanzar el programa espacial Galileo, considerado un potencial rival del sistema de posicionamiento de satélite global GPS del ejército de Estados Unidos.

El sistema de 3,6 billones de dólares, será el proyecto de infraestructura más grande de Europa y tiene como fecha de inicio de operaciones el año 2008.

El proyecto contará con alrededor de 30 satélites, ocupando tres órbitas terrestres circulares y generando aproximadamente 140.000 puestos de trabajo.

El acuerdo final se efectuó el lunes en París, en una reunión de los miembros de la Agencia Espacial Europea (ESA, por su sigla en inglés) un organismo no perteneciente a la UE que coordina las misiones espaciales europeas.

Jealsa - Rianxeira e Cixtex, galardoados por Computer World



O grupo Jealsa-Rianxeira e máis o Cixtex foron recoñecidos co Premio Computer World á Innovación Tecnolóxica na Comunidade de Galicia. Estes galardóns, dirixidos tanto ó sector público como ó privado, entregáronse no Hostal dos Reis Católicos de Santiago, a onde acudiron representantes de ámbalas entidades e máis das firmas organizadoras do acto: a propia revista Computer World, Microsoft e Hewlett-Packard. Como os lectores lembrarán, Rianxeira-Jealsa é unha das empresas punteiras de Galicia, non xa do sector conserveiro, senón en termos xerais de produtividade. Este grupo, con base orixinal en Boiro (no lugar de Bodión), exporta produtos a Inglaterra, Bélxica, Cuba, Grecia, Romanía, Holanda, Uruguai ou Austria, entre outros moitos países. O seu presidente é Xesús Alonso Fernández, e a cadro de persoal total das empresas que integran o grupo era duns 2.200 empregados a finais do ano pasado (un exemplo do seu crecemento: en 2001 era de 1.736 empregados). Polo que respecta a Cixtex, dicir que é unha entidade adscrita á Consellería de Economía e Facenda e as súas funcións "abranguen o coidado da explotación e do mantemento das aplicacións mecanizadas e da execución dos procesos informáticos, e a actuación como órgano de apoio informático ós servizos da devandita Consellería". Con anterioridade á entrega de premios, os responsables do acto celebraron un interesante Foro de Tecnoloxías de la Información para grandes organizacións, no cal se analizaron as últimas e máis novedosas solucións en infraestructuras tecnolóxicas e a evolución dos centros de procesos de datos.



Recompensa para xóvenes mentes pensantes

Inventar, o que se di inventar, é de por si complicado. Pero máis complicado é aínda que ese novo aparello/sistema/obxecto nunca visto antes perdure no tempo, sexa lembrado unicamente porque se conseguiu o milagre da utilidade. Dende Código Cero dicimos: xa está ben de aturar nos medios de comunicación o continuo bombardeo de inventos principalmente provenientes de Oriente (si, de Xapón, alí son moi afeccionados a iso) descartables, digámolo ben clariño, pola súa rotunda estupidez. Non é o caso dos dez rapaces galegos galardoados recentemente cos Premios Galicia Innovación Júnior da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta, quen foron recoñecidos, ante todo, "pola súa capacidade innovadora e o seu espírito emprendedor". A gañadora da primeira edición deste certame foi Vanesa Fernández Padrón, de 17 anos (Airas, Ourense), quen deseñou un bastón que leva incorporado un vibrador coma o dos teléfonos móbiles. O obxectivo: que a empuñadura vibre (mediante un circuito electrónico axustado a unha lonxitude de onda) cando o usuario estea diante dun semáforo en verde. Entre os demais premiados atópase Rubén Capeáns (mención especial por ter conseguido sete dos quince accésits convocados), Julio Avelino Quintáns (deseñou un práctico contedor de lixo que incorpora tódolos contedores selectivos), María Gómez Pérez (por un modernísimo contedor de excrementos caninos), Alfonso González (por un collar para animais perigosos que os paraliza cando son agresivos), Daniel Veira (por idear unha cabina de telecomunicacións que inclúe tódalas canles dispoñibles), Ángel Prado (por un sistema para conducir automóviles automaticamente, sen o factor humano), Juan David Muíños (por concentrar tódalas funcións activables no interior dun vehículo nunha pantalla táctil preto do volante), Andrea Vilas (un portales, estoxo que incorpora depósito de lentillas e líquido limpador, ideal para viaxar) e, por último, Iván Orosa (por unha esponxa de xabón incorporado dun único uso).

Viña Castiñeiras, novo presidente da AETG

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia xa ten novo presidente. Trátase de Ángel Viña Castiñeiras, que substitúe a Gil Bernárdez Matovelle por oito votos de diferenza. O presidente saliente seguirá desempeñando o posto de primeiro vocal do "Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación", que tamén elixiu nova directiva recentemente, posto desde (segundo fixeron saber a Código Cero os representantes do colectivo) o que espera seguir traballando para o fomento do exercicio libre e a creación do Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia. O presidente saliente destacou o traballo conseguido polo seu equipo ó longo destes anos: defensa do exercicio libre, promoción de proxectos de Infraestructuras Comúns de Telecomunicacións (ICTs), creación do Diario Dixital que hoxe dá servizo a tódolos representantes españois do sector, etc.

A nova xunta directiva da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia estará composta por Angel Viña Castiñeiras, Miguel A. Armesto Herbella, Manuel J. Fernández Iglesias, Ricardo Fernández Fernández, Javier Franco Tubío, Paulino González Pan, Pedro Hernández Sanmaned, Xaquín Lameiro Paz, Fernando Martínez Areal, Carlos Pedreira Novo, José Quintas García, Julio Sánchez Agrelo, Juan A. Sánchez Pérez e Jaime Vazquez Oliván.

Angel Viña é amais presidente de ISOC- España cargo para o que foi elixido recentemente. Como consecuencia da súa designación, o profesor da Universidade da Coruña abandonará proximamente ISOC-Gal, delegación galega do organismo internacional que goberna internet a nivel mundial. Viña Castiñeiras dou un forte pulo á organización galega situándola nunha das pioneiras do vello continente.



Xuntanza da directiva de Isocgal en Lugo co ata agora presidente na organización galega, Angel Viña

Comezan as inscricións a NetGame caixanova



Durante cinco días, do 9 o 13 de xullo o recinto do Instituto Ferial de Vigo - Cotogrande (IFEVI), acollerá este macro evento dirixido a calquera persoa con ou sen coñecementos de informática ou de Internet, e onde os asistentes poderán conectarse a través dunha liña ATM de 155 Mb. de Telefónica, ademais de aproveitar uns días inesquecibles, con pensión completa e aloxamento, tódolos servizos do IFEVI e un sen fin de actividades incluídas que o converterán no maior evento informático do noso país e de Portugal. Dentro das múltiples actividades que se levarán a cabo, está prevista a realización do Foro Tecnoatlántico, dirixido a pemes, universitarios e profesionais do sector da informática, comunicacións e novas tecnoloxías. Este Foro, o que ademais dos asistentes a Netgame Caixanova, poderán apuntarse calquera visitante, inclúe diversos obradoiros relacionados co mundo dixital, como fotografía ou edición de vídeo, as 2ª xornadas sobre software libre en Galicia, organizadas polo Grupo de Usuarios de Linux de Galicia e diferentes conferencias sobre a seguridade telemática. O prezo para poder asistir ao Foro de Tecnoloxías "Tecnoatlántico", que ademais inclúe unha exposición de stands de casas patrocinadoras e colaboradoras e onde estas presentarán as súas últimas novidades, será de 3 euros.

Durante estas datas estase a celebrar un aniversario moi especial, xa que hai 10 anos que Marc Andreessen e Eric Bina dirixiron un equipo no National Center for Supercomputing Applications (NCSA) para a creación do Mosaic, que sería o primeiro navegador da web.

Abril de 1993 era un ano no que o mundo dos PCs xa gozaba de aplicacións bastante avanzadas como podía ser o vídeo-xogo Doom, mentres que a rede Internet xa tiña percorrido un grande treito dende a Arpanet que nacera 25 anos atrás. A Rede todavía non era popular fora dos ámbitos académicos, e o que é indiscutible é que non se parecía en nada ó que estamos afeitos, xa que non existía esa imaxe que parece ser o seu sustrato máis importante: a World Wide Web (WWW).

REDACCIÓN

A versión 1.0 do Mosaic vería a luz o día 23 de abril de 1993 constituíndo o que se coñece como o primeiro navegador (aínda que o desenvolvedor da primeira aplicación deste tipo foi Tim Berners-Lee, coñecido como o pai da web, dous anos atrás). O Mosaic sería así o primeiro navegador de éxito, cun uso masivo gracias á súa facilidade de uso e instalación, que incorporaba imaxes incrustadas nas propias páxinas (algo fundamental na web actual) dando unha visión moi atractiva deste novo entorno de comunicación.

Aínda así, o Mosaic aínda era un navegador moi rudimentario e básico (como se pode comprobar en <http://www.dejavu.org/emulator.htm>, onde hai un emulador de varios navegadores históricos), que xunto coa pouca velocidade de acceso que tiñan os usuarios, non aproveitou os recursos do momento como era desexable para o usuario, pero sentou unha base para este tipo de programas: a simplicidade.

Un ano despois do lanzamento do Mosaic xa se realizaron máis de un millón de descargas do mesmo e os servidores do NCSA rexistraban 70.000 descargas mensuais da aplicación (que se temos en conta o reducido número de internautas da época constituía unha estatística abraiante).

Tampouco é que existisen moitas páxinas web cando se lanzou o Mosaic, xa que se estimaba que en 1993 había uns 130 sitios, que chegarían a 1.200 en un ano (contrastando con millóns que hai na actualidade). Estábase a vivir unha auténtica explosión dun fenómeno que non tardaría en chegar ás masas.

Pese a que nos últimos 10 anos aparecen múltiples navegadores de Internet, todos conservarían as características básicas do Mosaic: lista de favoritos, barra de ferramentas, botón de actualizar e os botóns de atrás e adiante para se mover entre as páxinas visitadas. Sentouse así unha base para os desenvolvementos futuros que nos levaron ós actuais Internet Explorer, Mozilla ou Opera.


Aínda así, o Mosaic non sería o

navegador que pasase á historia como o máis relevante, sería un fillo do mesmo: o Netscape Navigator. Trala creación da Mosaic Communications, os creadores do Mosaic, por culpa de que o Mosaic se deseñara dentro do NCSA, tiveron que redirixir a súa aventura empresarial no Silicon Valley cun novo nome (Netscape) que constituiría unha pequena empresa de 3 empregados en abril de 1994 que chegaría a contar con 100 traballadores a finais do mesmo ano (e 2.600 3 anos despois). O traballo de tal equipo obtivo os primeiros resultados en outubro de 1994 coa primeira versión do Navigator, acadando un impacto moi superior ó do Mosaic, polo que a empresa creadora tamén conseguiu unha importancia en bolsa, o que lle deu unha saúde financeira que lle permitiu seguir apostando por esta tecnoloxía de navegación, sacando novas versión do seu navegador.

O Netscape Navigator chegaría ata a súa versión 3 sen modificar a súa filosofía de deseño e converténdose no navegador maioritario e practicamente sen competencia, ata que, ó chegar á súa versión 4, modificou substancialmente o seu programa tanto en deseño coma en nome (Netscape Communicator 4). Nese momento comezou a batalla contra Microsoft e o seu Internet Explorer 4, que iría gañando mercado paulatinamente (en parte por culpa dunha política inaxeitada de Netscape, que comezou a cobrar por distribuír o seu navegador) e que, xunto con que Microsoft distribuía o seu navegador co seu sistema operativo (o Windows), convertiu ó Explorer no navegador máis popular.

A proba que queda do pasado éxito do Netscape Navigator está claramente na nosa lingua, pois seguimos a falar de *navegar* pola Rede, cando os americanos falan de *surfear*, mentres que ninguén *explora* na Internet.

Pódemos falar xa de que estes 10 anos estiveron cheos de cambios, cun *boom* e un posterior *crash* da Internet (especialmente na chamada nova economía) pero o que está moi claro é que nada sería igual se o 23 de abril de 1993 non se lanzase un programa coñecido coma Mosaic.



o 10º aniversario do Mosaic





La araña captura sus presas sin apenas gastar energía, espera que caigan en su red.

Un ejemplo de cómo se aprovecha la energía en el reino animal.

Si usted también sabe aprovechar la energía, conseguirá aumentar los beneficios de su negocio. UNION FENOSA le ayuda a conseguirlo: desconecte aparatos al final del día, utilice lámparas de bajo consumo, mantenga un buen aislamiento en puertas y ventanas para evitar las pérdidas de calefacción o refrigeración e instale toldos que protejan del sol. En resumen, ahorrar energía es ahorrar dinero en su negocio. Más consejos de eficiencia energética en www.unionfenosa.es.

 **UNION FENOSA**
Una pequeña ayuda para un mundo casi perfecto.



As empresas galegas demandan un centro público de apoio no ámbito tecnolóxico

Tanto empresarios demandantes de novas tecnoloxías coma provedores destes servicios valoran moi positivamente a existencia dun centro oficial que asesore as empresas na introducción das novas tecnoloxías no seu negocio. Esta é a principal conclusión da primeira fase do Proxecto QualyTIC, financiado polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) da Xunta de Galicia, que ten como obxectivo final facilitar ás empresas galegas a elección de provedor de novas tecnoloxías.

Os sectores empresariais galegos demandan a figura dun centro de carácter público que as asesore á hora de elixir provedor de novas tecnoloxías. Esta é a principal conclusión da primeira fase do Proxecto de investigación QualyTIC, financiado polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) da Xunta de Galicia. O Proxecto QualyTIC está levando un estudio baseado nunha intensa recollida de información para coñecer as necesidades que as empresas, os cidadáns e a Administración teñen respecto á oferta de servicios tecnolóxicos na nosa comunidade.

O segundo que teremos e face-los resultados dispoñibles a usuarios non habituais. Para ter isto, facemos unha distribución utilizando unha xestión de paquetes portada dende linux, chamada dpkg e apt-get, escrita por e para o proxecto Debian GNU/Linux [<http://www.debian.org/>]. A distribución de binarios usa o formato de paquetes .deb. Para construír paquetes dende a fonte, temo-la nosa ferramenta propia, chamada fink, que crea arquivos de paquetes .deb. Ben, e despois desta definición dos rapaces do proxecto fink, ¿E que son as X11? Brevemente, tratase do servidor de ventás para as aplicacións que o requiran. Non se trata da representación “gráfica” final, (coma poderían ser no caso do linux o KDE e o GNOME), senon a parte do sistema operativo que traballa coa tarxeta gráfica e o monitor para crealas representacións gráficas. O Unix e coma un xoguete de Lego, no cal cada peza ten a súa función. Así pois, para moitos programas que poderemos obter co fink, tales coma programas de retoque fotográfico coma o GIMP ou suites ofimáticas coma o Open Office,

precisaremos te-lo servidor de ventás.

Para iso precisaremos os seguintes arquivos:

-o Servidor X11 (descargámolo da web de Apple [www.apple.com], na sección de descargas de Mac OS X). Precisaremos de dous arquivos, o X11USR (usuario), que e o servidor de ventás en si mesmo, e un arquivo máis pequeno, chamado X11SDK (algo así como súa parte de desenrolo)

-Unha vez descargados e instalados os dous arquivos (polo orde citado), iremos a páxina do proxecto fink, e descargaremos e instalaremos este.

Como no caso anterior, a descarga e totalmente de balde. Unha vez chegado aquí, outro requisito máis. Instala-las ferramentas de desenrolo. Ben, disque o millor este paso non e imprescindible, mais para min si que o é: unha vez que as teñamos, inda que non precisemos nunca programar e compilar, si serán útiles para compilar código fonte que descargemos, e ter así os executables axeitados a noso equipo, ou ben utilizar as ferramentas para conectarnos a repositorios de CVS. En definitiva: que mellor que as descargues, inda que señan 300 megas. E de balde, máis antes terás que rexistarte coma desenrolador na páxina de apple de desenroladores <http://developer.apple.com> (tamén de balde).

Unha vez que teñamos instaladas as ferramentas de desenrolo (ou como di Apple, as developer tools), teremos que dicirle o sistema que temos instalado o fink. Para iso precisaremos abrir unha sesión de terminal (por se nunca a abriches, está en aplicacións>utilidades>terminal).

Unha vez comezada a sesión de terminal precisaremos crear un arquivo de texto cos parámetros axeitados. No meu caso, no momento de crealo arquivo non existía un, pero e posible que precisemos asegurarnos que non existe xa. Para iso escribiremos no terminal: `ls -la`

(`ls -la` tamen nos servirá). Buscaremos se existe algun arquivo que remate en `.tcshrc`; se e así

teremos que engadir unha liña a dito arquivo, e se non crearemos un coa devandita liña. Para iso primeiro asegurámonos que estamos no directorio axeitado, tecleando a secas o comando `cd` (e retorno despois, claro):`cd`

Agora iniciaremos un editor de texto dentro do terminal. Inda que poderíamos utilizar o minimalista `vi`, será mellor recurrir a unha solución máis sinxela coma o editor `pico`.

Se non existía ningún arquivo escribimos: `pico .cshrc`

E se xa había un teremos que escribir: `pico .tcshrc`

Teremos que escribir a seguinte liña (no caso de existir xa un arquivo, ir o final. No caso localizar unha liña idéntica a seguinte, non engadir



nada): `source /sw/bin/init.csh`

Unha vez engadida, poderíamos darlle a grabar e sair. Pero tamén podemos darlle a sair (tecla `ctrl` e tecla `x`, coma podemos ver no menú inferior do editor), e ante a pregunta de grabar, dicímoslle que si (ou seña, prememos a tecla `y`).

No próximo número de Código Cero seguiremos coa instalación do fink e do X11 no Mac OS X. Si tedes dúbidas sobre a instalación podedes vialo noso foro de mac en <http://www.codigocero.com/foros/>, onde respostaremos a toda-las vosas preguntas.

GNU/Linux en Galicia el último año

Antonio Fernandes
afernandes@fractalwork.com

Este último año ha sido bastante activo para los aficionados del software libre.

Para empezar y como personalmente considero que el principal activo tanto de Linux como del Software Libre es la gente que lo conforma, cabe destacar el nacimiento de dos grupos locales de Linux:

- GALPon, es el Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra, a principios de junio de este año un grupo de entusiastas de GNU/Linux se pusieron en contacto a través de las listas de correo de la asociación Hispalinux para reunirse. Poco tiempo después se formó oficialmente el grupo como asociación y ya han estado presentes en eventos con el Salón SATT de Vigo aparte de que varios de sus miembros han dado ponencias en diversos actos.

- GULO, es el Grupo de Usuarios de Linux de Ourense, oficialmente el 24 de abril de 2002 aparece en la escena. Creado en un principio por estudiantes de Físicas e Informática se ha convertido en un grupo plural. Han participado en múltiples conferencias.

Otra de las novedades de este año pasado relacionado con GNU/Linux fue la aparición de distintas comunidades inalámbricas por Galicia. A Coruña, Santiago, Vigo, Salvaterra do Miño, Villagarcía de Arousa... La gran mayoría de ellas creadas por usuarios de este sistema operativo y funcionando los servidores en el mismo.

También hubo otros acontecimientos como la aparición del diccionario de gallego para la suite ofimática OpenOffice, el éxito entre los profesores asistentes al inforenino o el éxito a nivel mundial del proyecto VoDKA (Video on Demand Kernel Architecture) de la universidad de A Coruña, el cual funciona en un sistema complejo GNU/Linux.

También las reuniones entre informáticos tuvieron presencia de la gente del mundo del software libre, la clásica Xuventude Galicia Net, donde se dispuso de distintas conferencias. Aunque ha sido una pena no contar este año pasado con el encuentro coruñés con mas adeptos a este sistema operativo, la Arroutada Party.

Sin embargo, este año pasado ha sido especial gracias al esfuerzo del grupo mas entrañable y antiguo de nuestra comunidad.

El GLUG (Galician Linux Users Group), no sin dificultades, logró realizar las Primeras Jornadas de Software Libre de Galicia en Santiago de Compostela.

Durante los días 28,29 y 30 de Noviembre, mas de una decena de ponentes hablaron de temas tan dispares como el empleo de software libre en la educación hasta la nueva ley LSSI,




pasando por una introducción a este mundo para los recién llegados.

Sólo comentar que fueron un éxito rotundo, tanto de asistencia como de contenidos. Y ya está en ciernes la realización de las segundas jornadas en la ciudad de Vigo bajo el marco de la NetGameCaixanova.

También hubo otras jornadas de tamaños mas modestos, de las que cabe destacar las jornadas de As Ordes.

Ha sido un año bastante movido, pero esperemos que el próximo lo sea mucho mas. Las últimas noticias que he visto es que posiblemente se presente una propuesta en distintos ayuntamientos de Galicia y en la propia Xunta para la utilización de Software Libre en la Administración.

¡Ánimo TUX!



EMPRENDEDORES: A OPCIÓN VALENTE

Gustavo Marcos Cancelas
Xerente de UNINOVA
(Iniciativas Empresariais Innovadoras)

Hoxe en día son moitas as referencias no ámbito do emprendedorismo. De feito, hai quen afirma que “está de moda” o tema de emprender.

Cando falamos de emprendedores de novas iniciativas empresariais topamos cunha primeira barreira: a cultural, isto é: os xóvenes non se plantexan de xeito espontáneo a posibilidade de crear unha empresa como saída natural, antes ben, segundo recollen as estadísticas “nove de cada dez” manifestan non teren plantexado nunca tal opción. Resultando que a opción máis desexada é a de acceso á función pública (“o soño español” de ser funcionario) ou ó traballo por conta allea (preferentemente en empresas consolidadas).

Esta barreira cultural xúntase con outras dúas que dificultan aínda máis o feito de promover novas empresas: a obtención de financiamento e a falta de formación en planificación (plan de viabilidade).

Na Universidade de Santiago de Compostela, a través do programa de creación de empresas “UNIEMPRENDE” estase a brindar á comunidade universitaria instrumentos de apoio como son: áreas de autoemprego (asesoramento a estudantes no plan de viabilidade), incubadora de empresas “UNINOVA” (para o asesoramento físico das novas iniciativas xunto con asesoramento e formación) e unha sociedade de capital-risco participada polas tres universidades galegas “UNIRISCO” (para o funcionamento de novos proxectos empresariais).

Maila ser un programa pioneiro a nivel nacional e ter acadados interesantes logros, compre destacar un instrumento orientado a superar a xa citada barreira cultural a emprender. Trátase dos concursos de ideas e proxectos, que xa levan catro edicións, e contribúen á detención temprana de emprendedores.

¿¿¿Qué é un concurso de ideas???

Básicamente actúa como ferramenta de dinamización de emprendedores universitarios. Unha idea escríbese nun só folio e sin números nin datos financeiros. Isto permite que se presenten por centos –tanto estudantes coma persoal de investigación- e ademais facilítase que se faga tamén por internet (www.uniemprende.com). Engadido a estas facilidades, atopamos un estímulo económico en premios que aumenta o atractivo da convocatoria.

Finalmente, haberá unha convocatoria chamada “Concurso de Proxectos”, onde os candidatos terán que presentar un plan de empresa, para o que recibirán formación axeitada. O ciclo péchase a partires dun bo proxecto poñendo en funcionamento as fases de incubación –UNINOVA- e de financiamento –UNIRISCO-.

Navegacións
cotidianas

A FRACTURA DIXITAL



Por Manuel Gago
magago@usc.es

A famosa 'fractura dixital' que esgaza as nosas sociedades defínese basicamente en que a túa avoa non ten nin idea de en que raio gañas ti os cartos, e os teus pais malamente. Ata o momento, as formas de ter un soldo e recoñecerse na sociedade baseábanse en cousas máis ou menos físicas –fago coches, son funcionario, traballo nunha xestoría- que perpetuaban a cadea de recoñecemento na sociedade e na familia. Coa chegada dos novos oficios derivados de Internet e da sociedade da información, operamos nun espazo virtual no que os tramos sociais de máis idade non se atreven, ou non poden, ou non están interesados, en entrar. Quero dicir con visibles que non saen na televisión, non se comentan nas cafeterías. A miña avoa sabe que eu son xornalista, pero non sabe onde escribo, ou en que televisión saio. Traballamos no metro dunha gran cidade: un espazo subterráneo no que hai que ter a vontade de entrar e descoñecido para os habitantes das terrazas, das rúas e das tendas de ultramarinos.

O gran problema da 'fractura dixital' é que grandes masas de poboación se recoñecen incapaces de coñecer o novo mundo de Internet. Nin sequera penso que no fondo sexa unha cuestión de oportunidades, aínda que tamén. Trátase unha cuestión de ver que lugar se ocupa no mundo. O internauta máis vello que coñezo é o intelectual Illa Couto, que xa daba mitins na II República. E coñecín con claridade por primeira vez as posibilidades de almacenamento dun CD a través de Manuel Díaz y Díaz, un eminente e erudito latinista que agora é catedrático emérito da Universidade de Santiago. Son casos puntuais: na propia Universidade, produciuse unha renuncia nas xeracións veteranas a descubrir a tecnoloxía. Estou a ler a novela 'As partículas elementais', de Michel Houellebecq, o novo enfant terrible da literatura francesa. É un libro duro e polémico, con personaxes do novo lumpen no que a veces se transforma a clase media dos que rebasan o ecuador do tempo biolóxico humano. Hai unha frase: "Formaban parte dunha xeración [a da época do 68] que proclamara a superioridade da mocidade sobre a idade madura e non era de estrañar que a xeración que viña detrás os desprezara".

O sentimento compartido de que todo o relacionado cos ordenadores pertence ós mozos inverte a tradicional cadea de experiencia na que ata agora baseamos a evolución da especie e que se resume en que os mozos aprendían dos vellos. En forma de máxima: o tempo xeraba coñecemento. Pero coas curvas de aprendizaxe das novas tecnoloxías son tan rápidas que só moi poucos –mesmo entre os mozos- conseguen surfear na brecha escumosa das ondas da tecnoloxía. E o resultado é que grandes masas da poboación actual fican alleas, a miles de quilómetros, do novo xeito de coñecemento que supón Internet. E os mozos fórmanse a si mesmos, sen aproveitar a experiencia previa. E tampouco os maiores están especialmente interesados en compartila, renunciando a aprender novos códigos cos que comunicarse no novo mundo. Os mozos non parece que esteamos demasiado preocupados por iso, así que tamén vivimos separados desas grandes masas de poboación que fican atrás dos nosos Messenger, correos electrónicos e IRCs.

A pregunta é: ¿que pasará cando nós teñamos cincuenta anos e unha nova xeración de cibernéticos capaz de resistir e aprender os cambios continuos da tecnoloxía alente nas escumas dos mares da información? ¿Entrega remos o noso trofeo e nos sentaremos cunha cervexa na praia a ver o espectáculo? ¿Ou nos retiraremos coma os vellos daquela película do xaponés Soei Imamura, La Balada de Narayama, onde os que anciáns que non valen son levados a morrer ao monte para que non poñan en perigo o alimento do resto da aldea?

Teletraballo



Por Carlos Lozano
cuetorubio@yahoo.es

O fio do meu artigo anterior, no que falaba da popularización dos ordenadores portátiles, pensei que sería interesante facer unha pequena reflexión sobre como esta ferramenta de traballo, xunto con outros avances recentes como a "banda ancha", podería cambiar o panorama laboral dalgúns profesionais. Refírome, claro está, o teletraballo. Esta máxica verba lévase escoitando dende hai tempo, pero aínda non pasou de prometedora posibilidade a realidade habitual.

Sería interesante analizar as razóns polas que o teletraballo segue a ser unha

rareza laboral, pero escápase a brevidade deste artigo, aínda que penso que teñen máis que ver coa política empresarial que cos problemas tecnolóxicos.

Porque para un gran número de profesionais, posibles beneficiarios do teletraballo, as ferramentas e as canles de comunicación xa están accesibles, a custos empresariais moderados e con posibilidades de implantación inmediatas. Os ordenadores portátiles de gran capacidade de cálculo e almacenamento, os teléfonos móbiles de nova xeración, a comunicación inarámica entre dispositivos e entre estes e unha base, o Bluetooth, etc., son tecnoloxías relativamente alcanzables e que permiten o manexo de información de forma remota e descentralizada, rápida e eficientemente.



E non falo so do executivo viaxeiro como posible beneficiario desta revolución. Eles xa o aplican. Non, refírome o oficinista, vendedor, periodista, os servicios de información, tratamento de datos, estatística, consultorías, etc. Tódolos que traballan diante dun ordenador e un teléfono, poderían facelo dende a casa: conexión de banda ancha co centro de traballo e comunicación permanente entre ordenadores. Uns microcascos con conexión inarámica e un rexistro de chamadas e tráfico de datos.

¿Cántos miles de oficinistas poderían compatibilizar o seu traballo con quedarse na casa e facelo dende ela?. Sería moito máis doado compatibilizar horarios, aforrar en horas extras, transporte e locais. O traballador estaría máis cómodo, nun ambiente coñecido e agradable, e segundo din algúns estudos, traballaría máis con menos esforzo.

Ben sei que a Administración e as empresas poñerían en dúbida todo o anterior co argumento da posible picaresca ou mala fe do traballador. Pero creo que é un medo bastante irracional, e en calquera caso poderíanse deseñar medidas de control axeitadas. Pero por si non fora argumento bastante, bastaría con pensar que en moitas oficinas presenciais a produtividade é moi baixa.

Por outro lado a implantación deste tipo de traballo deberíase facer paulatinamente e sempre que o traballador queira. Con unha boa formación e material ben optimizado. Cumprindo estas condicións penso que o teletraballo pode chegar a ser unha experiencia laboral cómoda e gratificante para un gran número de traballadores e un aforro empresarial, a medio prazo, importante.

Aínda que nas primeiras experiencias en teletraballo considerouse que a inversión en equipos telemáticos no compensaba no caso de pequenas e medianas empresas, a popularización de solucións baseadas en Internet, o abaratamento dos equipos e das tecnoloxías inarámicas e a tendencia imparabile cara a privatización dos servicios fan que pouco a pouco sexa cada vez máis posible un enfoque descentralizado do traballo.

Como apuntaba no principio, se as iniciativas non están nas empresas deberían ser os propios traballadores quen as leven adiante. ¿Porqué non propoñer a empresa esta solución?. Se cadra haberá casos nos que incluso compense o posible desembolso, en equipos ou acondicionamento, por parte do propio traballador con tal de que a empresa acepte a posibilidade. E, dende logo, penso que moitos de nos aceptaríamos traballar unha hora máis o día se o puideramos facer dende a casa. ¿Non son argumentos a considerar?.

Seguro que non é unha opción doada de aceptar, pero sería interesante saber se algún lector levou a bo termo algunha negociación desta clase coa súa empresa, así como qué tipo de atrancos, solucións e beneficios ten a experiencia.

Marcus Fernández
Subdirector de Código Cero
webmaster@codigocero.com

Dende hai máis de dous anos celébranse en Galicia unhas xuntanzas de profesionais da Internet que participan nun foro denominado *Last Friday*, en clara contraposición co *First Tuesday* (unha desas ideas que naceron coa febre das *puntocom*). Esta iniciativa, que naceu coa intención de xuntar a investidores con emprendedores, derivou nunha vía de contraste de opinións entre múltiples actores da Sociedade da Información en Galicia, coincidindo representantes tanto de entidades públicas como privadas, de pequenos empresarios como de grandes empresas... en definitiva, un foro heteroxéneo do que se pretende un enriquecemento mutuo dos participantes gracias ó intercambio de experiencias e pareceres sobre o papel da Internet na nosa comunidade.

O pasado 14 de maio tivo lugar o último deste tipo de encontros, que se celebrou simultaneamente na Coruña e en Santiago de Compostela, conectándose ambas cidades mediante vídeo-conferencia para discutir sobre un tema de interese para todos: o Comercio Electrónico.

OS ASISTENTES

Dende A Coruña, no Centro de Estudos de Caixa Galicia, participaron dúas empregadas de Caixa Galicia, Patricia Pérez-Colomer e Pilar Otero, que serviron de anfitrionas das xornadas, sentando as bases do debate, dada a súa experiencia no tema a discutir. Tamén participaron dende a cidade herculina Alfonso Martínez (da empresa galega do cable R), Vicente Piñeiro (do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia) e Marcus Fernández (subdirector de Código Cero).

Dende Santiago de Compostela, no Centro de Supercomputación de Galicia, participaron Francisco Vieitez (do Centro Multimedia de Galicia), Diego Nieto (do Centro de Competencias en Comercio Electrónico), José Carlos Pérez e Fernando Bouzas (do CESGA), M^a Mar Peña, Ramón Nogueira e Gloria Couto (de Dinaweb Networks) e Fran Vilas (de Cibervisión Networks).

O DEBATE

Durante o comezo da xuntanza, Patricia Pérez-Colomer e Pilar Otero ilustráronnos sobre a situación actual do comercio electrónico en Galicia dende a visión dunha entidade financeira como Caixa Galicia, explicando as complicacións que leva a misión de *apostolado* destes sistemas que son acollidos con receo por parte dos usuarios que temen ó descoñecido. Os métodos de pago ocuparon un lugar importante na ponencia, indicándose os riscos de cara ós comerciantes e suliñando cós clientes teñen sempre garantías nos pagos electrónicos. A seguridade destes sistemas recae totalmente nas entidades bancarias, polo que están a desenvolver sistemas de cara o futuro que fortalecerán os sistemas. Aínda así, pese a que os usuarios teñen as meirandes garantías na actualidade, os pagos con tarxeta de crédito

LAST FRIDAY: o comercio electrónico galego a debate



non resultan populares en Galicia, polo que xa se están a desenvolver sistemas de pago alternativos como o pago mediante o teléfono móbil. Con respecto ó pago polo móbil, José Carlos Pérez puntualizaba que non comprendía cómo se facían uns investimento tan fortes neste tipo de tecnoloxía cando estamos tendendo a unha converxencia entre as distintas tecnoloxías de xeito cós móbiles serán mini-ordenadores no futuro (dotados dun navegador de Internet), polo que non habería moita diferenza en facer un pago pola Internet a facelo polo teléfono.

Sobre ós métodos de pago, Elisa Couto puntualizaba cós sistemas de pago actuais estaban obsoletos e consideraba que deberían modificarse de xeito que garantisen a seguridade para os comerciantes, ó que Patricia Pérez-Colomer replica que se intentaron implantar sistemas seguros (tipo SET) que non puideron xeneralizarse polo rexeitamento dos usuarios, que non gustan das tecnoloxías que requiran un certo esforzo pola súa banda. Conclúese que é preciso que as melloras tecnolóxicas conleven unha contraprestación para o usuario, de xeito que se tome certas molestias para empregalas a x e i t a d a m e n t e .

Pero un tema recorrente volve á esca: a venda por catálogo. En Estados Unidos xa era moi popular, mentres que en España o asunto non é así, polo que, de cara ó comercio electrónico dificultase moito a tarefa, ora polo costume da xente ora polos sistemas de loxística para a entrega das mercadorías. Constatase que a entrega de produtos é un grande problema na actualidade e súxírese un afondamento no tema en posteriores xuntanzas.

Pero os problemas que frean o comercio electrónico en Galicia continúan inmutables, pois a poboación segue sen estar preto da tecnoloxía, xa sexa pola idade (xa que a poboación galega é moi vella) ou pola conectividade (pois a Internet non chega uniformemente ó rural).

CONCLUSIÓNS

Despois dunha extensa xuntanza chegouse á conclusión de que, pese a que o comercio electrónico non avanza tanto como sería desexable, e as problemáticas en Galicia parezan inmutables no tempo, mirando cunha certa perspectiva se pode apreciar como vai mellorando o panorama galego e, tralo estoupido da burbulla dixital, o mercado consolidou, desbotando moitas iniciativas valeiras e quedando as máis firmes, que se nutren dunha base de clientes que cada día goza dunha mellor conexión (moitos dos que hai dous anos empregaban módem empregan agora ADSL ou cable) e comezan a ver a Internet como un medio máis, propiciando o uso da Rede tanto á hora de facer as súas compras como para os servizos de banca electrónica, configurando un futuro que pode ser moi positivo para todos nós.



INGLÉS:

- 1.-Yahoo
- 2.-MSN
- 3.-Google
- 4.-Passport (sitio de Microsoft para xestionar accesos)
- 5.-E-bay (poxas).

HOLANDÉS:

- 1.-Google
- 2.-MSN Holanda
- 3.-MSN Bélxica
- 4.-Telenet (telefonía)
- 5.-Lycos

FRANCÉS:

- 1.-Wanadoo
- 2.-Free (acceso a Internet)
- 3.-Google
- 4.-GC (gobierno canadiano)
- 5.-Lycos

ALEMÁN:

- 1.-E-bay
- 2.-Google
- 3.-T-online (telefonía)
- 4.-Global Message (acceso a Internet)
- 5.-MSN

ITALIANO:

- 1.-Libero (acceso a Internet)
- 2.-Virgilio (buscador)
- 3.- Google
- 4.-MSN
- 5.-Tiscali (telefonía).

XAPONÉS:

- 1.-Yahoo
- 2.-MSN
- 3.-Rakuten (buscador?)
- 4.-Infoseek (buscador)
- 5.-Geocities

PORTUGUÉS:

- 1.-IG (acceso a Internet)
- 2.- Basilico (entretenemento, TV)
- 3.-Kit (entretenemento)
- 4.-Terra
- 5.-MSN

ESPAÑOL:

- 1.-Yupi (portal)
- 2.-MSN México
- 3.-MSN España
- 4.-Terra
- 5.-El Mundo (periódico)

SUECO:

- 1.-Aftonbladet (noticias)
- 2.-MSn
- 3.-Lunarstorm (telefonía)
- 4.-Blocket (compravenda)
- 5.-Spray (acceso a Internet)

Vemos como, en xeral, en case que tódolos idiomas os primeiros postos son para páxinas de buscadores (Google, Yahoo, Lycos), MSN, compañías de telefonía e suministradores de acceso a Internet. O que indica que a busca de información específica é prioritaria para o internauta ... menos en portugués, español e sueco, onde non aparece ningún buscador importante nos primeiros lugares. E, entre estes tres, os portugueses e brasileiros parecen decantarse claramente polo entretenemento. En español parece que Bill Gates fora latinoamericano, pero é o único idioma, xunto co sueco, que coloca un periódico nos primeiros lugares. Isto contradice un pouco a afirmación de que Internet é a referencia na procura de noticias.

Os resultados no pasan de ser unha curiosidade, e probablemente non teñen máis interese que ver como, en estes globalizados tempos, efectivamente os intereses non difiren moito, aínda que parece que as culturas ibéricas aínda teñen un puntinho diferenciador.

No número anterior de Código Cero, en Barlovento, analizábase o ránking de páxinas web galegas mediante o catalogador www.alexa.com. A páxina ofrece tamén un listado de páxinas web máis visitadas nos idiomas máis importantes. Esta característica permite ver por onde van os intereses de cada cultura, segundo a súa lingua.

Pero antes de entrar en materia hai que advertir unha cousa: MSN, o portal de Microsoft, aparece nos primeiros lugares en tódolos idiomas; pero hai un par de características que adulteran este resultado en particular. A primeira é que, por defecto, MSN é a páxina de arranque por defecto cando se instala o navegador Explorer, e non todo o mundo sabe, pode o quere configuralo con unha páxina en branco ou outra distinta. Evidentemente haberá moitas visitas a MSN que non son intencionadas.

Outra característica particular son as moitas visitas en busca de información, actualizacións, novidades, etc motivadas polo propio sistema operativo e aplicacións de Microsoft que dependen de el. Son visitas intencionadas pero desvaloriza un pouco o interese "sociolóxico".

A mesma corrección, aínda que en menor medida, habería que aplicar as compañías telefónicas e suministradores de accesos a Internet, que normalmente deixan configurada a súa páxina por defecto.

Buscadores, os número 1 da rede



Instalando Windows 98 e XP no mesmo ordenador



Por Emiliano Gómez
emiliagy@usc.es

As veces, na casa por exemplo, o ordenador é compartido polos pais e máis os fillos, o sistema que vou a explicar permite que ambos compartan o equipo sen interferir un no traballo do outro, de seguro que así evitades, nuns casos os choques cotiáns do tipo: rapaz, non uses o equipo porque vasme borrar os meus ficheiros de datos cos que traballo, ¿quen cambiou isto de sitio? quen lle cambiou o nome ó meu ficheiro? quen formateou o disco duro? Que fixeche os ordenadores?.

Noutros casos sinxelamente os xogos que utilizan os rapaces só funcionan baixo windows 98 e non co XP, ou éncheno todo de xogos, ou ben non dispoñemos para windows XP dos drivers dalgún dispositivo (por exemplo un escáner) e mantemos o windows 98 para poder utilizar o non tan vello escáner.

Unha das opcións é ter dous discos duros, un formateado NTFS para meter nel o XP e outro formateado FAT32 para meter aí o 98, deste xeito o XP reconece ambos formateos e o 98 non reconece o disco formateado como NTFS polo que arrancando o ordenador con windows 98 non se pode acceder o disco do XP e eliminamos o risco de que os rapaces accedan ós datos dos pais (dende o Explorador de windows non "ven" o outro disco). Se arrincamos o ordenador co XP poderemos acceder a calquera dos dous discos.

O sistema de arquivos Fat32 que viñas utilizando nas anteriores versións de Windows (95, 98..) non é o máis axeitado para o XP, xa que limita as posibilidades deste sistema operativo. É preferible utilizar NTFS.



A seguinte versión de windows, prevista para o 2005, chamada, de momento, Longhorn substituirá ó NTFS como o sistema de ficheiros por WinFS (Windows Future Storage) un sistema de administración de arquivos baseado nas bases de datos.

INSTALANDO

A opción que empregaremos neste caso e ter preparada unha partición do disco duro e, por exemplo, instalar windows 98 no disco C e o XP no disco E. Non se pode instalar o XP na mesma unidade onde se instalou o windows 98.

Unha vez instalados poderemos escoller traballar con un ou outro ó arrincar o ordenador simplemente escollendo unha das dúas opcións que se amosen.

1. Faremos unha copia de seguridade dos nosos datos, por exemplo nun CD.
2. Formatearemos o disco duro introducindo o disco de arranque de windows98 na disqueteira e reiniciamos o ordenador, cando arranque, cos controladores xa cargados, amosará o símbolo A: > e escribiremos o texto que figura entre comiñas "Format C:" (para formatear o disco duro C) e premeremos a tecla "Entrar" iniciando entón o proceso de formateo.



3. Cando remate o formateo inserimos o CD de windows 98 na unidade de CDROM e escribimos o texto que figura entre comiñas "D:" (entendendo que a letra D representa neste caso a unidade de CDROM) e premeremos a tecla "Entrar". Cando o símbolo do sistema sexa D:\> escribimos "Instalar" premendo na tecla "Entrar". Neste intre comenará a instalación de windows 98, que nos levará da man cun asistente ata o remate da mesma, neste proceso é normal que o equipo se reinicie unhas cantas veces. Sexa paciente durante o proceso de instalación, aínda lle leva o seu tempo.



4. Co windows 98 xa instalado, introducimos o disco de windows XP e reiniciamos o ordenador ata que apareza unha xanela con tres opcións, das que escolleremos a primeira que che manda premer "Entrar" para instalar o XP; co CD do XP inserido na unidade D prememos na tecla "Entrar". Podemos saltar ó punto 7.

5. O sistema NTFS pódese elixir no intre da instalación do Windows Xp, mais se xa o instalaches e non fixeche o cambio de Fat32 a NTFS poderalo facer agora sen necesidade de reinstalar o sistema

operativo, Microsoft facilita unha utilidade para realizar esta conversión. Teremos en conta que converter unha unidade formateada en FAT32 a NTFS é un proceso irreversible.



6. Para iso hai que premer no botón "Inicio", opción "Executar", escribir "cmd" e premer o botón "Aceptar". Entón abrírase unha xanela MS-DOS, na que tes que teclear "CD.." e premer a tecla "Entrar" as veces que sexa necesario ata quedarte en "C:\>" logo escribes: "convert E: /fs:ntfs" (E: é a letra da unidade que queiras converter). Unha mensaxe indicache que non pode realizar a conversión porque o disco está en uso. Preme na tecla "N" e preguntache se desexas que faga a conversión cando volvas ó iniciar o sistema. Pulsa "S" e ó reiniciar o PC a conversión do sistema de arquivos levarase adiante.



7. O proceso comeza e prosegue ata que vexamos nunha xanela os discos duros e as particións que ten o noso ordenador, escollendo o disco e a partición desexada para instalar o XP, no noso caso, na unidade de disco E, e premendo na tecla "Entrar".
8. É importante elixir a opción "Deixar intacto o sistema actual de arquivos" iniciándose entón a instalación do XP.
9. Que nos levará da man cun asistente ata o remate da mesma, neste proceso é normal que o equipo se reinicie unhas cantas veces. No primeiro reinicio xa teremos a posibilidade de arrancar o ordenador co windows 98 ou co XP, mais ata que remate a instalación do XP, escolleremos a opción de arrancar co XP. Sexa paciente durante o proceso de instalación, aínda lle leva o seu tempo.
10. Cando estea instalado o XP teremos a posibilidade de rexistralo, agora ou máis adiante, estaremos situados no escritorio e xa podemos gardar o CDROM co XP.
11. Reiniciamos o ordenador e ó arrancar escolleremos a opción windows 98 comprobando que todo funciona correctamente. Se é así reiniciamos o ordenador e ó arrancar escolleremos a opción windows XP, definiremos un usuario para os pais con contrasinal, de xeito que un rapaz da casa ó encender o ordenador somentes pode arrancar o windows 98, xa que se escolle a opción XP ó non dispoñer da contrasinal non podería ter acceso máis que a windows 98 no disco C e non o disco E.

Gracias David, gracias Marta, gracias Benito, gracias Paula, gracias José Luis, gracias Teo, gracias Estrella, gracias Ana, gracias Aitor, gracias Simón e seu irmán Ricardo, gracias Sabela, gracias Samuel, gracias Pedro, gracias Begoña, gracias Rocío, gracias Elena, gracias Federico, gracias Rafa, gracias Jordi, gracias Silvia, gracias Daniel, gracias Pablo, gracias Emma, gracias Carlos, gracias Luis, gracias Fran, gracias Paco e ó outro Paco tamén, gracias Carmen, gracias Susana, gracias Lucía, gracias Diego, gracias Miguelito, gracias Chema, gracias Julián, gracias Alfonso, gracias Vicky, gracias Javi, gracias Didier, gracias Veronique, gracias Ricardo, gracias Ian, gracias Álvaro, gracias Marina, gracias Rosa, gracias Antón, gracias Iria, gracias Nico, gracias Almudena, gracias Rebeca, gracias Marisa, gracias Jose, gracias Luisa, gracias Josu, gracias Gonzalo, gracias Lola, gracias Catuxa, gracias Angel, gracias Marián, gracias Xoel, gracias Leo, gracias Tania, gracias Iago, gracias Santi, gracias Sasha, gracias Montserrat, gracias Mari, gracias Bernardo, gracias Pilar, gracias Roberto, gracias Xose, gracias Román, gracias Zeltia, gracias Marquitos, gracias Xan, gracias Jose Carlos, gracias Sandra, gracias Inés, gracias Paula, gracias Sebas, gracias Lalo, gracias Rosana, gracias Cristina, gracias Darío, gracias Lorena, gracias Martín, gracias Juanjo, gracias Margot, gracias Oscar, gracias César, gracias Ambrosio, gracias Teresa, gracias María José, gracias Tito, gracias Enric, gracias Paz, gracias Nieves, gracias Marisol, gracias Sergio, gracias Uxia, gracias Olga, gracias Blanca, gracias Juan, gracias Tony, gracias Esther, gracias al otro Chema, gracias Iván, gracias Miranda, gracias Íñigo, gracias Ernesto, gracias Sofia, gracias Edelmiro, gracias Alba, gracias Nando, gracias Eva, gracias Nuria, gracias Alfonso, gracias Noelia, gracias Alberto, gracias Angeles, gracias Michel, gracias Jorge, gracias Andrés, gracias Gloria, gracias María, gracias Mariuz, gracias Jonathan, gracias Jose Ramón, gracias Pau, gracias Pili, gracias Tino, gracias Alfonso, gracias Manel, gracias Norberto, gracias Gorka, gracias Esperanza, gracias Julen, gracias Natalia, gracias Teo, gracias Eva, gracias Irene, gracias Francisco, gracias Robar, gracias Benjamín, gracias Gabriel, gracias Paco, gracias Bea, gracias Sonia, gracias Rogelio, gracias Araceli, gracias Amparo, gracias Africa, gracias Uxio, gracias Tomas, gracias Ania, gracias Edu, gracias Christian, gracias Carlota, gracias Guille, gracias Noa, gracias Borja, gracias Claudia, gracias Felisa, gracias Patri, gracias Cris, gracias Lourenzo, gracias Leticia, gracias Elias, gracias Elvira, gracias Lucas, gracias Rubén, gracias Mikel, gracias Sergio, gracias Daniel...

gracias voluntarios.



contratación exclusiva /
a través de internet



CAIXAGALICIA

→ UNA CONEXIÓN MUY RENTABLE

www.caixagalicia.es ←

→
**Hipoteca
On Vivienda 0,50**

Primer año: **3,50%**

Resto de períodos: **Euribor+0,50**
SIN REDONDEO

→
TAE (*)
3,05%
HASTA 35 AÑOS

[*] TAE calculada para un principal de 60.101 EUR a máximo plazo (35 años). Tipo de interés nominal 1º año: 3,50%. Resto del período: Euribor + 0,50% sin redondeo. Tipo de interés mínimo: 2,75%. Tipo de interés máximo: 10%. Comisión de apertura: 0,15% mínimo 200 EUR. Último Euribor a 1 año publicado en el mes de Mayo, correspondiente a Abril de 2003: 2,447%.



NUEVOS TIEMPOS NUEVOS CANALES

Autorizado por D.X.P.F.T.: 27/05/2003



902 209 166
www.caixagalicia.es

CAIXAGALICIA